



TESTOSTERONA CRÍTICAS

REVISTA TEMPOS

Autora: Inma López Silva

Data: Marzo-09

ENTRE O XÉNERO E O SEXO

Testosterona é a historia dun proceso de descubrimento persoal que incide nun tema actual, a miúdo considerado tabú: a transexualidade, especialmente cando ese proceso apunta á desfeminización do corpo. Así, a reflexión sobre os condicionantes físicos de transexualidade (hermafroditismo) e da definición puramente social do xénero están presentes nunha obra que aplica unha estética posmoderna un tanto deconstruída que imposibilita a adscripción xenérica do espectáculo. A cabalo entre as variedades, o musical, a traxedia cotiá ou o monólogo, Testosterona procura conectar cun público que se agarda implicado, cómplice e disposto a asumir con sentido do humor a historia ata certo punto trágica que se conta no escenario. Porén, a obra non sempre consegue esa implicación dun público ao que en ocasións non queda clara a tonalidade humorística e ao que outras veces non se lle aclara o seu grao de participación no espectáculo. É estraña, poi iso, a relación entre escenario e espectadores, unha relación que se agarda activa en todo momento, mais que por veces emprega o público como monicreque dun devir argumental que o perde na súa fragmentación. Pois, evidentemente, se a fragmentación é unha característica posmoderna que procura a deconstrución do argumento tradicional, tamén é certo que pode ser unha interesante ferramenta posta ao servizo do distanciamento do público, un distanciamento en sentido case brechtiano que procura o posicionamento crítico de cada un de nós coma espectadores.

Boa parte do mérito da obra está na interpretación das dúas actrices, Patricia de Lorenzo e Natalia Outeiro que sosteñen uns papeis que baten de fronte coa construción tradicional do personaxe na interpretación convencional. Pola contra, estas mulleres que representan persoas que loitan pola súa definición social coma homes sendo en realidade fisicamente femias, fan críbel un papel no que fica clara a difícil definición do xénero coma concepto. Se ben é certo que as súas interpretacións parten dun punto excesivamente álxido nun primeiro momento, tamén o ce que rematan situándose en terreos máis comedidos e, por tanto, críbeis para un espectador que, pouco a pouco, as olla con agarimo.

Por último, o sentido do humor como fórmula na que mellor se move Chévere é nesta ocasión o elemento que contribúe a desmagnificar o dramatismo vencellado á temática. O humor tamén

é, se cadra, o factor máis provocador nun espectáculo que, por veces, mesmo tende a rirse da propia seriedade argumental que constitúe a súa razón de ser. O público, estrañado de oír no escenario cousas que non deben ser ditas nin en broma nin nos teatros, asiste polo tanto a unha ruptura absoluta de tabús e de normas mesmo cando estas nacen para a tolerancia. Por paradoxal que pareza, trátase dunha lóxica coherente.

La Voz de Galicia

Data: 25 febreiro 2009

Autor: Camilo Franco

QUEN TEME AO XÉNERO FERROZ?

É posible que a parte máis cómica da vida sexa a realidade. Non tanto porque pareza un chiste senón por ese ton de parodia case constante con que as cousas se suceden antes de repetirse. Incluso cando non hai campaña electoral.

Chévere decidiu neste retorno pasarse á maneira máis aceda da parodia: achegarse o máis posible á realidade ata que a convención do imaginario e a convención do real se confundan. En Testosterona a compañía non quere entrarlle a pau seco a estas maneiras contemporáneas porque tamén teñen as súas imposturas e, polo tanto, monta un túnel eficaz para trasladar aos espectadores en sentido inverso á historia. No mundo parece que todo comeza como drama e remata como parodia. Na montaxe vai ao revés.

O reverso pretende desmontar o sentido social dos xéneros en percorrido paralelo: desmontar os xéneros da narración mentres se desmontan as convencións do feminino e do masculino. Teatro político no que Chévere entra en rebeldía tanto contra a imaxe que permaneza da compañía como contra as maneiras convencionais de ler a sociedade e a súa interpretación.

A obra quere poñer serio ao espectador pero non permanentemente e a transición, os saltos cuánticos cos que a montaxe cambia o transcurso, tan ben marcados están polos personaxes de Patricia de Lorenzo, comezan pola familiaridade do humor para ir escapando do rexistro que máis se espera da compañía. Unha fuxida cara adiante antes de entrar na naturalidade do teatro do real e, agás por uns énfases innecesarios, por algunha reiteración retardante, a obra vai xusto onde ten que ir: a contar con máis ironía que humor, sen imposturas e polo directo unha historia sinxela e mesmo útil para que os espectadores entendamos que igual non todo é como nolo contaron os nosos pais.